



RESOLUCIÓN CONXUNTA DA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E  
ORZAMENTOS E DA INTERVENCIÓN XERAL , DE 17 DE ABRIL DE 2015,  
PARA A APLICACIÓN DA ORDE DE 27 DE XULLO DE 2000, NO RELATIVO AS  
MODIFICACIÓN S DAS PREVISIÓN S INICIAIS DE INGRESOS PROCEDENTES  
DE TRANSFERENCIAS CORRENTES E DE CAPITAL.

A normativa reguladora da xestión orzamentaria dos ingresos procedentes de transferencias correntes e de capital está recollida, fundamentalmente, nas ordes do 27 de xullo de 2000 e do 19 de decembro de 2006. Nelas considérase un procedemento dirixido a coordinar o tratamento orzamentario deste tipo de ingresos que evite desaxustes no proceso de execución e mellore as condicións necesarias para manter o equilibrio entre ingresos e gastos.

Dende a publicación das ordes mencionadas o marco da disciplina orzamentaria e a sustentabilidade financeira adquiriu suma importancia e experimentou grandes modificacións. No ámbito da nosa Comunidade Autónoma hai que destacar a Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, coas modificacións consideradas na Lei 12/2014, do 30 de decembro de medidas fiscais e administrativas. No ámbito estatal están vixentes a Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e a Lei Orgánica 4/2012, do 28 de setembro, que modifica a anterior.

A experiencia acumulada na aplicación das mencionadas normas permite neste momento dar solución a algúns problemas que se viñeron detectando, incorporando tamén ao procedemento diversas recomendacións formuladas polo Consello de Contas en relación ao uso das modificacións das previsións iniciais de ingresos que figuran nos orzamentos, en particular as que afectan a transferencias procedentes doutras administracións, de modo que se proporcione unha maior información sobre as fontes de financiamento das modificacións orzamentarias.

A tal fin, e en uso das facultades conferidas nas disposicións finais das dúas ordes mencionadas, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ditan as seguintes instruccións:

**Primeira.- Regras para a modificación das previsións iniciais de ingresos**

As modificacións das previsións iniciais e a determinación das previsións definitivas dos capítulos catro (transferencias correntes) e sete (transferencias de capital) do orzamento de ingresos, axustarase ás seguintes regras:



- a) Procederá a modificación á baixa das previsións iniciais nos casos en que se efectúen baixas por anulación de créditos orzamentarios relativos a gastos con financiamento afectado, sempre que o recurso previsto inicialmente se deixe de percibir.
- b) Procederá a modificación á alza das previsións iniciais nos casos en que deban recoñecerse compromisos de ingresos por importe superior as previsións recollidas no orzamento.

Para casos de ingresos que non figuren orzamentados inicialmente, o compromiso de ingreso efectuarase pola unidade mencionada á vista do documento que, conforme ao establecido na instrución quinta, acredeite fehacientemente o compromiso firme do organismo ou entidade transferinte de contraer a obriga no momento no que se xustifique a contraprestación correspondente ou á vista do ingreso xa producido.

O resultado de aplicar sobre as previsións iniciais o sinalado nas letras anteriores dará lugar á determinación das previsións definitivas dos ingresos orzamentarios.

#### **Segunda.- Aprobación das modificacións de previsións do orzamento de ingresos**

A aprobación das modificacións das previsións iniciais efectuarase pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e será formalizada pola unidade competente en materia de xestión de ingresos desta Dirección Xeral.

A tramitación das modificacións das previsións iniciais instrumentarase nos documentos MI, que figuran como anexo a esta resolución.

Unha vez aprobados, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos remitirá os documentos MI á intervención delegada na Consellería de Facenda para a súa contabilización.

#### **Terceira.- Fases de xestión orzamentaria**

1. A xestión orzamentaria dos ingresos realizarase a través das seguintes fases:
  - a) Compromiso de ingreso, que é o acto en base ao que se recoñece en contas o dereito a liquidar un recurso no momento no que se cumplen as condicións ou trámites que se contemplan no título xurídico do que nace a expectativa do dereito á súa percepción.  
Para estes efectos, terán a consideración de títulos xurídicos habilitantes, as leis, decretos, ordes, resolucións e acordos promulgadas, aprobados, ditadas



ou adoptados por órganos estatais, autonómicos ou locais, así como os convenios e contratos celebrados con estos órganos ou con outras entidades públicas ou privadas.

Non obstante, estes títulos deberán cumplir os requisitos esixidos no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, no caso de transferencias do Estado. Cando se trate de transferencias de administracións locais ou autonómicas será necesario acreditar que se encontran en fase de disposición de gasto nas devanditas administracións, conforme ao previsto na normativa reguladora das facendas locais ou na establecida, en materia de facenda, pola Comunidade Autónoma da que proveña.

- b) Contraído do recurso, que é o acto polo que se liquida o ingreso e se recoñece en contas o dereito definitivo á súa percepción pola súa exacta contía, unha vez cumpridas as condicións esixidas para o perfeccionamento do dereito.
  - c) Recadación do recurso, que constitúe o proceso a través do que a Tesourería ingresa, en caixa o importe do dereito recoñecido ou cando, de selo caso, se procede ao seu ingreso en formalización.
2. O desenvolvemento das distintas fases realizarase tendo en conta o principio de mantemento do equilibrio económico-financeiro e condicionado ás garantías de estabilidade orzamentaria e á sustentabilidade financeira establecidas na normativa.
  3. Segundo o disposto na Orde de 27 de xullo de 2000, poderán acumularse nun mesmo acto una ou varias das fases de xestión orzamentaria.

#### Cuarta.- Acumulación de actuacións.

Por motivos de economía procesual, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos poderá tramitar nun mesmo acto a modificación das previsións dos orzamentos de ingresos e o compromiso de ingresos. Tamén poderán acumularse as demais fases de xestión orzamentaria.

A tramitación instrumentarase nos documentos seguintes, que figuran como anexo a esta resolución.

- Modificación de previsións e compromiso de ingreso: documentos MICI e MICI\
- Modificación de previsións, compromiso de ingreso e contraído do recurso: documentos MICC e MICC\
- Modificación de previsións, compromiso de ingreso, contraído e recadación do recurso: documentos MICCR e MICCR\



**Quinta.-** Modificacións nas previsións de ingresos dos orzamentos de Organismos autónomos e Axencias Públicas.

O disposto nesta resolución é de aplicación para as modificacións das previsións iniciais dos capítulos catro e sete de ingresos de organismos autónomos, de entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento que consonte a disposición adicional sexta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico terán a consideración de organismos autónomos para os efectos orzamentarios e de axencias públicas autonómicas.

Unha vez aprobada a modificación, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos remitirá o documento ao departamento contable da entidade correspondente para a súa contabilización.

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2015.

A INTERVENTORA XERAL



Almudena Chacón Pichel

O DIRECTOR XERAL



Miguel Corgos López-Prado

# ANEXO

ENTIDADE CONTABLE:  \_\_\_\_\_  
 OFICINA CONTABLE:  \_\_\_\_\_

**MI****(10XX)**

EXERCICIO CONTABLE	PREVISIÓN:MODIFICACIÓN	Nº REFERENCIA:	ÍNDICE:
CONTABILIDADE DO ORZAMENTO DE INGRESOS	<input type="checkbox"/> NEGATIVA Nº OPERACIÓN DE PROCEDENCIA:		
EXERCICIO CORRENTE	EXPEDIENTE:	TIPO:	SUBTIPO:

CAIXA: 

Nº CONCEPTOS:		IMPORTE TOTAL	
CONCEPTO	DESCR. CONCEPTO	REF. INGRESO	IMPORTE

IMPORTE: (en letra):

DESCRIPCIÓN DA OPERACIÓN:
DOCUMENTACIÓN ANEXA:

DATA:	
SENTADO NO DIARIO DE OPERACIÓN:	DATA:
	Nº OPERACIÓN:

ENTIDADE CONTABLE:  \_\_\_\_\_

OFICINA CONTABLE:  \_\_\_\_\_

# MICI

(10XX)

EXERCICIO CONTABLE	
--------------------	--

CONTABILIDADE DO ORZAMENTO DE INGRESOS	
---	--

EXERCICIO CORRENTE	
--------------------	--

COMPROMISO INGR + MODIF PREVIS	
<input type="checkbox"/> NEGATIVA	Nº OPERACIÓN DE PROCEDENCIA:
EXPEDIENTE:	

Nº REFERENCIA:	ÍNDICE:
TIPO:	SUBTIPO:

CAIXA:

Nº CONCEPTOS:		IMPORTE TOTAL	
CONCEPTO	DESCR. CONCEPTO	REF. INGRESO	IMPORTE

IMPORTE: (en letra):

DESCRIPCIÓN DA OPERACIÓN:

DOCUMENTACIÓN ANEXA:

DATA:

SENTADO NO DIARIO DE OPERACIÓNS:	DATA:
	Nº OPERACIÓN:

ENTIDADE CONTABLE:  \_\_\_\_\_

OFICINA CONTABLE:  \_\_\_\_\_

# MICC

(10XX)

EXERCICIO CONTABLE

RECOÑ. CONTRAIDO PREVIO +  
MODIF. PREVIS

Nº REFERENCIA: \_\_\_\_\_ ÍNDICE:

CONTABILIDADE DO  
ORZAMENTO DE INGRESOS

NEGATIVA  
Nº OPERACIÓN DE PROCEDENCIA:

TIPO: \_\_\_\_\_ SUBTIPO: \_\_\_\_\_

EXERCICIO CORRENTE

EXPEDIENTE:

CAIXA:

Nº CONCEPTOS:		IMPORTE TOTAL	
CONCEPTO	DESCR. CONCEPTO	REF. INGRESO	IMPORTE

IMPORTE: (en letra):

DESCRIPCIÓN DA OPERACIÓN:

DOCUMENTACIÓN ANEXA:

DATA:

SENTADO NO DIARIO DE OPERAÇÕES: DATA:  
\_\_\_\_\_

Nº OPERAÇÃO:

ENTIDADE CONTABLE:  \_\_\_\_\_

OFICINA CONTABLE:  \_\_\_\_\_

# INGRESO

MICCR

EXERCICIO CONTABLE
CONTABILIDADE DO ORZAMENTO DE INGRESOS
EXERCICIO CORRENTE

EXPEDIENTE
------------

Caixa:

CANLE DE INGRESO:

BANCO:

DATA INGRESO:

Nº INGRESO:

NIF:

TOTAL INGRESO:

DESCRIPCIÓN DO INGRESO:

DETALLE INGRESO:

Nº LÍNEAS:	IMPORTE BRUTO:	DESCONTOS:	LIQUIDO:
COD.OPE	CONCEPTO	REF. INGRESO	IMPORTE

DATA

SENTADO NO DIARIO DE OPERACIÓNS:	DATA:
	Nº OPERACIÓN:

Os documentos negativos elabóranse engadindo unha barra diagonal ao documento positivo: MI\, MICI\, MICC\ e MICCR\

Os documentos obtense directamente do sistema contable XUMCO2